

PROGRAMACIÓN BIBLIOTECA  
IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO  
CURSO 2021/2022

## INDICE

	Páxina
INTRODUCCIÓN.....	3
LEXISLACIÓN RELATIVA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES.....	4
QUE É A BIBLIOTECA ESCOLAR?.....	6
A BIBLIOTECA NOS DOCUMENTOS DO CENTRO.....	7
A BIBLIOTECA ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E CURRÍCULO.....	7
A NOSA BIBLIOTECA.....	8
OBXECTIVOS.....	9
ACTIVIDADES .....	9
PLAN DE DINAMIZACIÓN.....	11
PLANS DE TRABALLO.....	12
AVALIACIÓN.....	12

## INTRODUCCIÓN

Dado o momento que nos toca vivir un obxectivo importante para a educación é formar persoas competentes no uso eficiente das tecnoloxías da información, por este motivo é importante que o Claustro de profesores asuman un modelo de biblioteca entendida como espazo de aprendizaxe. Sen deixar ao marxe ao resto da comunidade educativa.

A importancia do fomento da lectura e a mellora das bibliotecas dos centros escolaresponse de manifesto na L.O.E. que inclúe, dentro dos fins da educación, a atención prioritaria que os poderes públicos deben prestar a este factor educativo e menciona expresamente que as bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que os/as alumnos/as accedan á información e outros recursos para o aprendizaxe dispoñibles nas mesmas.

Estes obxectivos están asociados ó desenvolvemento das competencias básicas (claves) establecidas nos Reais Decretos polos que se establecen as ensinanzas mínimas respectivamente da Educación primaria, secundaria obrigatoria e o bacharelato. En particular a biblioteca escolar é un elemento imprescindible para o adecuado logro das competencias en comunicación lingüística, Para aprender a aprender, no tratamento da información e a autonomía e iniciativa persoal, é tamén un recurso moi útil para a adquisición do resto das competencias básicas.

A biblioteca a de servir para a integración das tecnoloxías da comunicación, debe ser activa e apoiar cos seus recursos e as súas actividades a formación de lectores/as competentes, críticos, capaces de ler en soportes diferentes e variados.

As bibliotecas deben de favorecer a alfabetización múltiple: “ *comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica*” abundando, en que esta “*competencia é esencial para a vida*” e que “ *é a porta cara ao resto das aprendizaxes*” (Consello da U.E, 26/ 11/2012).

## LEXISLACIÓN RELATIVA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, recolle no seu artigo 5 as bibliotecas escolares como integrantes do Sistema galego de bibliotecas, e no artigo 6 recoñece, entre as obrigas das persoas físicas ou xurídicas titulares das bibliotecas integradas neste Sistema galego de bibliotecas, a de promover, no ámbito das súas competencias, un desenvolvemento sustentable, coherente, innovador e constante dos seus propios servizos bibliotecarios.

Pola súa parte, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), no seu artigo 113 fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no seu uso crítico, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, vixente ata o momento para as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, inclúen unha serie de competencias clave que o alumnado debe adquirir de forma progresiva. A utilización dos recursos da biblioteca escolar supón un importante factor para o logro da competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, a competencia dixital e a conciencia e

expresións culturais, sendo, así mesmo, un recurso moi útil na adquisición das restantes competencias clave. Estes mesmos decretos recollen a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores de centro, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas á consecución dos obxectivos pedagóxicos referidos á adquisición da competencia lingüística e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, así como á adquisición e consolidación do hábito da lectura e da escritura.

#### Servizo de biblioteca e de documentación

Art. 69. En todos os institutos a dirección deberá designar un profesor, preferentemente de entre os que mostren o seus intereses, que se encargue da xestión da biblioteca e dos recursos documentais. Dito profesor integrarase no departamento de actividades complementarias e extraescolares e desempeñará as seguintes funcións:

- a) Asegurar a organización, mantemento e adecuada utilización dos recursos documentais e da biblioteca do centro.
- b) Atender aos alumnos que utilicen a biblioteca, coa axuda dos profesores que teñan asignadas horas de atención á mesma, facilitándolles o acceso ás diferentes fontes de información e orientándoos sobre a súa utilización.
- c) Difundir, entre os profesores e os alumnos, información administrativa, pedagóxica e cultural.
- d) Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e ocio.
- e) Recoller as propostas e trasladalas á dirección de compras para a biblioteca.
- f) Calquera outra que se poda establecer no regulamento do réxime interior do centro.

INSTRUCCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL de centros se recursos humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares (anuais). Actual 07/09/2021.

## QUE É A BIBLIOTECA ESCOLAR?

O marco estatal de referencia para as bibliotecas escolares 2011. Define as bibliotecas como: *“centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares , así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.*

*Estas bibliotecas deben permitir o acceso a materiais informativos actualizados. Diversos, apropiados, suficientes en número e calidade, e contemplar todas as áreas do currículo. Son espazos, tamén, para a lectura, propiciadores de experiencias gratas de encontro e convivencia cos libros e cos recursos culturais en xeral. Deben apoiar os programas do centro no seu conxunto, especialmente aqueles que vaian enfocados á formación no uso crítico e ético da información e na transformación desta en coñecemento”*

Seguindo a definición anterior podemos resumir que as bibliotecas escolares, organizadas e dinamizadas son centros de lectura, información e aprendizaxe e deben de facilitar:

- Apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Aprendizaxe autónoma.
- Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares: alfabetización múltiple.
- Desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
- Achegamento aos distintos soportes documentais.
- Educación no acceso á información: tratamento da información e competencia dixital.
- Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura e escritura.
- Acceso igualitario aos recursos culturais.
- Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.

## A BIBLIOTECA NOS DOCUMENTOS DO CENTRO

A biblioteca debe estar presente, do mesmo modo que outros elementos organizativos e pedagóxicos, nos diferentes documentos do centro, e dicir, no Proxecto educativo, na Programación xeral anual, nas programacións dos departamentos, Plan de lectura... e en todos aqueles que se relacionen con accións formativas en xeral nas que poida aportar algo.

## BIBLIOTECA. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E CURRÍCULO

- O principal ámbito de actuación é no seu propio entorno. Debe de configurar un espazo para o aprendizaxe dos valores democráticos e formación da e na cidadanía. Debe ser un espazo atractivo, activo, con variedade de recursos e con atención a diversidade e respecto as diferenzas.
- A súa principal función a de ser de servizo aos intereses de alumnado e profesorado, facilitando a ensinanza e o aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, con recursos variados, xa sexan materiais ou persoais (orientación e apoio).
- Plan de lectura. Dende a biblioteca deseñárase e farase o seguimento de dito plan, tendo en conta aos diferentes departamentos, facilitando materiais, lecturas, calendario, horarios, implicados...
- Difusión cultural. Este espazo é o ideal para a planificación e posta en marcha de actividades culturais de todo tipo: charlas, conferencias, visionado de documentos e posteriores debates e mesas redondas.
- Vía de difusión, coa páxina web do centro, o blog, boletíns ou con calquera outro método de difusión, achegar novas do centro, da contorna, eventos, celebracións, datas a conmemorar... a toda a comunidade escolar.
- Interacción coas familias, solicitando destas cooperación para levar a cabo e maneira conxunta actividades diversas: exposicións, charlas, conta contos, formación, animación a lectura, seminarios diversos (poesía, postais...).
- E por último e case que a mais importante é compensación das desigualdades. Achegar bens culturais os mais desfavorecidos, apoio ao alumnado con N.E.E, compensar desigualdades sociais – recursos multimedia, internet...

## A NOSA BIBLIOTECA.

Actualmente contamos con:

Fondos:

Contamos con 9900 rexistros no noso fondo de biblioteca, rexistrados con Meiga.

(Este curso faremos o paso a KOHA), repartidos do seguinte modo:

1. Arredor de 2300 rexistros localizados na propia biblioteca.
2. Arredor de 7600 rexistro repartidos entre aulas e departamentos.

Nos diferentes cursos, déuselle moita importancia os libros recomendados nas diferentes aulas, polo que se fixeron importantes compras e neste curso continuaremos coas adquisicións.

Mobiliario e equipamento:

- Fomos repoñendo pouco a pouco coas axudas da Consellería e do centro. (mesas, cadeiras, andeis, sofás...)
- Contamos catro ordenadores de mesa para o alumnado e un para o profesorado
- Un portátil como principal, para rexistro de préstamo
- Mesa interactiva de 65 pulgadas.
- Equipo de imaxe composto por: proxector e pantalla.
- Equipo de son.
- Libros electrónicos. (doce)
- Tablet.

Necesidades:

Equipamento:

Novos ordenadores o servizo do alumnado,

Fondos:

- Publicacións periódicas:
- Revistas.
- Periódicos.
- Materiais audiovisuais



## OBXECTIVOS

Dende o equipo de dinamización da biblioteca marcamos os seguintes obxectivos:

- Continuar co traballo de clasificación e localización de fondos.
- Dotar de novos fondos en diferentes soportes e formatos variados.
- Crear un equipo de biblioteca estable, que traballe con gusto pola labor que realiza.
- Formar axeitadamente ao equipo de biblioteca. (alumnado e profesorado)
- Implicar o profesorado en xeral e as familias no uso e aproveitamento dos recursos da biblioteca escolar.
- Buscar cooperación biblioteca – departamentos a hora de planificar actividades.
- Lograr acadar un espazo adaptable a diferentes situacións: lectura, lecer...
- Potenciar o hábito e gusto pola lectura e a escritura na comunidade educativa.
- Formar alumnado voluntario para apoio da biblioteca. Nos dous últimos cursos conseguimos o recoñecemento do noso alumnado voluntariado e no curso 2018/9 conseguimos o recoñecemento de BIBLIOTECA SOLIDARIA .

## ACTIVIDADES.

Trataremos de realizar o maior número posible delas, sobre todo contando coa axuda dos diferentes departamentos, así como co alumnado e as familias. Entre as xenéricas destacamos:

- Realización da planificación, participación, seguimento e memoria do Plan lector de centro.
- Reforzar blog da biblioteca. [furgandonoslibros2010@gmail.com](mailto:furgandonoslibros2010@gmail.com)
- Realización da planificación, participación, seguimento e memoria do club de lectura do alumnado e o de adultos.
- Elaboración de guías de traballo dos fondos que sexa posible.
- Elaboración de materiais que faciliten o emprego dos recursos da biblioteca.
- Promoción de novidades, recursos, celebracións..
- Formación do profesorado (CFR). Programamos dous grupos de traballo dende a biblioteca: “A radio escolar” e “ realidade virtual aumentada”. Tamén

participaremos en outras actividades organizadas dende dirección sobre “Dixitalización”

#### Actividades de dinamización

- Escenificar unha historia: Escóllese a un número determinado de "actores" (3/4 persoas; en caso de necesitar máis participantes daráselles personaxes secundarios) para que representen unha historia creada polos propios participantes no curso.
- Decorar marca - páxinas.: Repártense anacos de cartolina de distintas cores e se lles dá unha serie de recursos (pegañento, tesoiras, rotuladores...) para que os decoren coa súa imaxinación (figuras xeométricas, debuxos, citas...).
- Relacionar obras - autores: Créanse unha fichas de cartolina ou calquera outro material e plastifícanse. Nunhas deberán estar escritos os títulos de obras coñecidas polos participantes (ou aquelas obras que crean que deban ser lidas). Noutro grupo deberán aparecer os nomes dos autores das devanditas obras. O xogo consistirá en unir unhas fichas con outras para logo comentar a obra desde varios puntos de vista: trama, personaxes, relación coa vida ou o mundo escolar...).
- Acrósticos: Repártense frases ou mensaxes curtas que os participantes deberán converter en acrósticos escondidos nun poema (rimado ou non).
- Palabras encadeadas: Comezando aleatoriamente por unha palabra extraída do dicionario ou que saia espontaneamente dos participantes, a actividade consistirá en ir creando palabras a partir da última letra da palabra elixida. Exemplo: "saco –oliva – alpendre -ecosistema..
- Dicionario de obras e autores. Con aquelas obras e autores lidos polos participantes a actividade consistirá en ir creando un dicionario cuxa definición sexa a trama ou argumento da obra.
- Conto compartido. A finalidade é que o alumnado comparta co seu proxenitor, compañeiro/a tempo adicado á lectoescritura. A historia ou historias completadas poderanse presentar nunha recompilación (realizada polo centro).
- Contacontos/contos tradicionais.
- Talleres variados.
- Formación de usuarios.
- Celebración de datas.

## PLAN DE DINAMIZACIÓN

Cunha serie de actividades como:

- Plan ou proxecto lector de aula: de modo sistemático, cada semana é un departamento o que se implica na hora de lectura na aula. Rotativamente realizarase esta lectura a poder ser na última sesión da semana da área que lle toque. O profesor está na aula co seu alumnado lendo. Cada departamento está implicado unha vez por trimestre, o alumnado é libre de elixir a lectura e o soporte a empregar.
- Actividades formativas: no bienio 2020/22, vamos a realizar un grupo de profesores un PFPP relacionado coa biblioteca e as novas tecnoloxías.
- Plambe: planificación, seguimento deste plan .
- Actividades de animación a lectura e a escritura de modo lúdico, sobre todo relacionando con conmemoracións.
- Actividades propostas dende os departamentos.
- Realización da revista escolar “Pousafoles”
- Programas radiofónicos.
- Concursos de microrrelatos.
- Xermán pensa en verde.
- Obradoiros: variados..

## TEMPORALIZACIÓN

A maioría das actividades van a realizarse de xeito aleatorio durante todo o curso, como excepcións podemos temporalizar algunhas:

- Plan de lector: durante todo o curso. Poñemos a disposición do alumnado e profesorado os libros electrónicos que teñen como base a biblioteca.
- Plan de formación do profesorado dende novembro ata xuño.
- Clubs de lectura dende a súa aprobación ata final de curso. Cunha sección de alumnado e outra de adultos.
- Conmemoracións con datas fixas: día do libro, día da paz, namorados, Nadal...

## PLAN DE TRABAJO

Durante o presente curso 2021/22 o equipo de biblioteca vai poñer en acción esta programación, tratando de cumprir o máximo de obxectivos formulados.

A nosa biblioteca conta neste intre cun equipo formado por profesores de diversos departamentos e esperamos ter cooperación puntuais doutros profesores e do alumnado.

## AVALIACIÓN

Este proceso é continuo. Primeiro faise unha avaliación de necesidades, gustos e intereses. Una vez realizado ese primeiro paso, poñémonos a traballar na planificación da programación e posta en marcha.

Avalíanse aspectos como:

- Recursos humanos.
- Recursos materiais: mobiliario, equipamentos, libros, publicacións periódicas, recursos audiovisuais...
- Actividades realizadas e obxectivos acadados.
- ....

A avaliación basease na observación, cuestionarios, en tres liñas:

- Interna, feita polo propio persoal da biblioteca e do centro.
- Externa: dende o C.F.R, a través dos cursos de formación, da Consellería coas memorias de diferentes traballos realizados (Plambe, Club de lectura..).
- A propia comunidade escolar coas súas valoracións e logros.

A nosa biblioteca persigue os seguintes fins:

- Incorporar o manexo e emprego das novas tecnoloxías e recursos de maneira adecuada as novas circunstancias sociais. (clases presenciais, semipresenciais, online).
- Lograr interacción – participación de e entre toda a comunidade educativa.
- Contaxiar o gusto pola lectura no noso alumnado, profesorado e familias.
- Respecto ante a diversidade, sexa do tipo que sexa: sexo, ideoloxía, raza...
- a atención ó alumnado con necesidades educativas, sobre todo as relacionadas coa expresión, lectura e escritura.